

Estimadas Familias:

Presentámosvos a proposta de actividades elixida pola ANPA BIDUEIRO. Están pensadas para que os vosos rapaces poidan ter un espazo de lecer e de formación, onde, o máis importante é que os nenos sexan sempre os principais beneficiados desta formación.

Todas as actividades están orientadas ós distintos grupos de idades e ás súas necesidades.

Para poder asistir ás actividades, é necesario que cubrades o documento online que se indica a continuación.

As actividades comezarán o primeiro día lectivo, agás para todos os nenos que teñan que facer o período de adaptación, que empezarán a partir do mes de Outubro, ou cando finalice dito período de adaptación.

O prezo de cada actividade é de 18,00€ ó mes, (para socios da ANPA, os non socios verán incrementado o prezo nun 40% resultando 25,00 € mes)

Descontos: 10% de desconto para cada irmán.

Na primeira mensuralidade cobrarase nun único pago o seguro de accidentes. O seu importe é de 9,00 € por neno.

En Setembro recibiredes máis información sobre as actividades vía correo electrónico.

Pedímosvos que, para unha maior organización interna, as familias fagan a inscrición antes do día **5 de Setembro**, xa que os grupos que se abran serán en función destes resultados.

**Importante:** este ano, dada a situación sanitaria provocada polo COVID-19, o número máximo de nenos por actividade será de 15, polo que a admisión será por estrita orde de inscrición.



Educación Infantil		
Día	1ª hora (15:30 a 16:30)	2ª hora (16:30 a 17:30)
LUNS e MÉRCORES	MULTIDEPORTE	URBAN DANCE
	ENGLISH CLUB	
	URBAN DANCE	PATINAXE
MARTES e XOVES	ENGLISH CLUB	MANS CREATIVAS -reciclaxe
	MANS CREATIVAS - artísticas	
	URBAN DANCE	
VENRES	O GUIÑOL, AS MARIONETAS E OS TITERES	
	OS VENRES XOGAMOS TODOS	



Educación Primaria		
Día	1ª hora (15:30 a 16:30)	2ª hora (16:30 a 17:30)
LUNS e MÉRCORES	ENGLISH CLUB	URBAN DANCE
	ENGLISH CLUB TRINITY (4º, 5º E 6º)	PATINAXE
	URBAN DANCE	LUOTECA/FACEMOS AS TAREFAS
MARTES e XOVES	ENGLISH CLUB	MANS CREATIVAS
	ENGLISH CLUB TRINITY (4º, 5º E 6º)	
	DEBUXO	
	MULTIDEPORTE (*)	LUOTECA/FACEMOS AS TAREFAS
	URBAN DANCE	
VENRES	LINGUAXE DE SIGNOS	LUOTECA/FACEMOS AS TAREFAS
	LUOTECA/FACEMOS AS TAREFAS	

### 1. Horarios

- Cada neno/a deberá estar no centro dende 5´ antes do inicio da actividade ata 5´ despois do remate. Deberá evitar acudir fóra deses horarios.
- O fin da actividade será ás 16:30h, ou ás 17:30h.

### 2. Organización xeral

- A indumentaria do neno/a será acorde á actividade: cómoda e sen complementos que molesten no caso das opcións deportivas.
- A ANPA só se fará responsable das notas que recibades co seu logo corporativo.
- Todas as competicións deportivas serán avisadas na mesma semana cunha nota informativa ou da maneira que se acorde previamente.
- Ningún pai, nai, titor/a poderá estar presente no transcurso dunha actividade. Se por algún motivo quere dar un aviso a un rapaz/a ou quere recollelo antes de tempo terá que contactar previamente co coordinador.
- A ANPA recorda que non se debe acudir con ningún xoguete nin aparato electrónico ás actividades, non se facendo en ningún caso responsable do seu extravío nin dos estragos que puidese sufrir.
- Se calquera usuario/a estivese descontento co desenvolvemento das actividades ou vise algo que non lle agrada, estaríamos moi agradecidos de que o puxese en coñecemento do coordinador para buscar unha posible solución.

### 3. Seguridade

Os primeiros días das actividades, o pai/nai/titor/a, asinarán os documentos dos protocolos do Coronavirus e tamén o documento de autorización de recollida do neno/a por outras persoas distintas dos proxenitores.

Calquera accidente extraordinario que se produza será notificado pola coordinación ós pais e nais afectados, tomándose as decisións sobre as actuacións necesarias.

**Enlace inscrición online:**

[https://docs.google.com/forms/d/13CyVebIWU6djUbuon8KX4x9iQbiWnyU\\_vxRJgy0WyfU/edit](https://docs.google.com/forms/d/13CyVebIWU6djUbuon8KX4x9iQbiWnyU_vxRJgy0WyfU/edit)